



30

**CERTAME DE PINTURA
CONCELLO DE CAMBRE**





**Deputación
DA CORUÑA**



Saluda

Diego Calvo

Presidente da Deputación da Coruña

Desde que en 1984 o pintor galego Nacho Costa inaugurase a lista de gañadores coa súa obra "Praia de Caveiro", o Certame de Pintura de Cambre foi crecendo en calidade, repercusión e importancia ata converterse nunha cita tradicional e indispensable dentro do mundo da pintura na provincia da Coruña.

Ao longo dos seus trinta anos de historia, o número de participantes e obras presentadas incrementouse ata situarse nos 137 e as 160 desta edición, confirmando que falar de Cambre é falar de pintura.

Artistas da altura de Armando García, Xaquín Carpintei-ro, Luisa Valdés, Juan Martín Prada, Natalia Montserrat ou Carolina Ferrer, aos que hai que engadir ao gañador deste ano, o pintor italiano Marcello Magnato, brindáronnos a oportunidade de coñecer a evolución artística que se le-vou a cabo durante as últimas tres décadas.


Este catálogo non é máis que a confirmación de todo o que vos estou dicindo, e a demostración de que o traballo ben feito sempre trae os seus froitos.

No seu obxectivo de promover, fomentar e impulsar toda a actividade cultural, a Deputación da Coruña está máis que satisfeita de axudar a manter un certame que fixo deste municipio unha referencia artística para todos.

Parabéns a todos, aos gañadores e aos responsables de que unha vez máis esta cita poida saír adiante. Confío e animovos para que sexa así, polo menos, outros trinta anos máis.



Deputación
DA CORUÑA



Saluda

Manuel Rivas Caridad

Alcalde de Cambre

Existen diversos xeitos de entender a arte. Moitas son as preguntas que se nos suscitan cando observamos unha pintura contemporánea. Ata dubidamos da beleza, a creatividade ou a potencialidade dun lenzo que se nos presenta ás veces desconcertante. Poderíamos definir á arte como unha natureza que reproduce un determinado individuo desde a súa propia lente. Con todo, antes de facer calquera tipo de análise racional sobre esa lente, o realmente importante dunha obra de arte, entendo, é que nos xere pracer ao contemplala, que nos guste, antes de tratar de discernir o que propón o seu autor. Invítovos pois neste Certamen de Pintura do Concello de Cambre, que cumpre xa trinta anos, a gozar en primeiro término destas obras que se expoñen en Vila Concepción sen maior análise que a da súa propia beleza.

Este concurso cumpre xa tres décadas e converteuse en todo un referente na comarca no ámbito cultural. Miles de pintores participaron neste evento que se mostra xa como un excelente escaparate para coñecer a novos artistas que posúen unha formación notable, pero que aínda non están ao alcance de todo o público. Queremos que isto último se manteña no tempo e que ademais sexa un recuncho de excepción para pintores xa consagrados. Desde o goberno local pretendemos seguir apostando por este certamen que é un orgullo para os cambreses. Invítovos a cultivar ese gusto subjetivo co fin de ampliar valores estéticos para que máis aló de preguntarnos o que pretende o pintor no seu lenzo gocemos da súa propia beleza.

Composición do Xurado

Cristina Trigo

Coordinadora do Servizo de Actividades e Proxectos Educativos do
Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

Miriam López

Directora da Galería Vilaseca-Hauser, A Coruña.

Ramón Conde

Escultor.

Miguel Fernández Cid

Director da Fundación Torrente Ballester.

Marcial Ortiz

Pintor.



30

**CERTAME DE PINTURA
CONCELLO DE CAMBRE**

Montse Gutierrez

"Punto y aparte"

Pintura Dixital
95x112
2013



Organiza e patrocina



Concello de Cambre



Deputación
DA CORUÑA

Deputación da coruña

Reproducción de arte

Xurxo Lobato

Maquetación

Filmarte 46

Coordinación

A Forxa Producións

Imprime

Imprenta provincial

Depósito legal

C 2342-2013

